

## REDUCCIÓN DE UNIDADES NA ESCOLA PÚBLICA

### Vergoñenta proposta da Consellería de Educación: a proposta empeora os criterios aplicados desde o 2003 e incumpre o seu programa electoral.

Esta proposta levaría á redución de 300 unidades en Galiza, coa diminución na calidade do ensino e máis de 200 ensinantes ficarían no paro.

Na mesa sectorial de hoxe a Consellería, a diferenza do STEG, non traía os deberes feitos. Despois de expoñer a nosa proposta dinos que ten que estudar os números, xa que non o fixo. Resulta lamentábel que a Consellería nos chame a unha negociación e que non se poida levar a cabo porque a Consellería non cumpre coa súa función: traballar e traer os números feitos.

A proposta da Consellería foi dunha ratio de 18 para EP no mesmo ciclo (a mesma para EI) e de 15 en distinto ciclo. Coa aplicación desta ratio só na provincia de Lugo (a máis afectada), pecharían 53 unidades e suprimiríanse 95 postos de traballo.

A proposta do STEG foi a seguinte:

- **10** en agrupamentos de EI
- **8** en agrupamentos de EI con EP
- **14** en EP con alumnado do mesmo ciclo
- **10** en EP con alumnado de distinto ciclo

Esta proposta estaba condicionada á negociación das necesidades concretas de cada centro na xunta de persoal correspondente.

Demandamos tamén que nestas ratios contasen o alumnado repetidor e que fosen reducidas nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais.

Cumpríronse as denuncias do STEG e a circular da inspección non era para recoller información, senón de aplicación, polo que a Consellería está a incumprir o acordado na mesa sectorial.

Agradamos que a Consellería, na mesa da vindeira semana, cumpra coa súa obriga e traia o traballo feito tal e como fixo o STEG e que escoite a demanda unánime de toda a comunidade educativa. De non ser así, traballaremos pola unidade sindical na procura de mobilizacións conxuntas.

SECRETARIADO NACIONAL DO STEG  
Galiza, 9 de xuño de 2009